

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA E
CONDICIÓNS DE USO DE ESPAZOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
DO CONCELLO DE O GROVE******Anuncio de aprobación definitiva de ordenanzas fiscais***

Quedando elevado a definitivo o acordo provisional, adoptado polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día 29 de febreiro de 2016 (publicado no BOP número 69 de 12 de abril), relativo á aprobación da Ordenanza reguladora da Taxa e condicións de uso de espazos, locais e instalacións municipais do Concello de O Grove; toda vez que durante o período de exposición pública dos expedientes non foi presentada ningunha reclamación.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase agora o referido acordo plenario, así como o texto íntegro da Ordenanza Fiscal que resulta da devandita aprobación.

De conformidade co artigo 19.1 do citado R.D. Legislativo, contra dito acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados estimaran procedente

Acordo plenario:

**Expediente de aprobación da Ordenanza reguladora da Taxa e condicións
de uso de espazos, locais e instalacións municipais do Concello de O Grove**

Examinado e achado conforme o expediente tramitado para a aprobación da Ordenanza reguladora da Taxa e condicións de uso de espazos, locais e instalacións municipais do Concello de O Grove. Vistos os informes emitidos, esta Alcaldía hónrase en propor ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.—De conformidade co disposto nos artigos 15.1, 16 e 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, apróbase con carácter provisional a Ordenanza reguladora da Taxa e condicións



de uso de espazos, locais e instalacións municipais do Concello de O Grove, dando nova redacción ao seu texto, segundo se recolle en documento anexo á presente proposta, surtindo efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

2º.—O presente acordo será exposto ó público no Tablón de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia durante o prazo de 30 días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA E CONDICIÓN S DE USO DE ESPAZOS, LOCAIS E INSTALACIÓN S MUNICIPAIS DO CONCELLO DO GROVE

Exposición de motivos

O constante crecemento da demanda para o uso de espazos, locais e instalacións municipais fai que á intensidade dos niveis de ocupación destes se lle impoña, como absolutamente necesario, un conxunto de normas de utilización que permitan un mellor control dos espazos cedidos e dispoñibles, así como dos recursos para empregar en cada acto coa suficiente antelación e garantía de uso na data desexada, obviando calquera improvisación para os organizadores.

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1.—É obxecto da presente ordenanza regular as taxas e as condicións de uso, xa sexa de modo puntual ou continuado, de espazos, locais e instalacións municipais do Concello do Grove (excepto as instalacións deportivas que están reguladas especificamente) polas persoas físicas ou xurídicas e as entidades públicas ou privadas.

2.—Para os efectos do regulado nesta ordenanza considerase que as autorizacións permiten o uso común especial dos bens de dominio público, segundo o Real decreto 1372/1986, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

3.—De conformidade co previsto no artigo 57, en relación cos artigos 15 a 20, todos do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento de salas, locais ou calquera outra instalación ou espazo de titularidade municipal (excepto as instalacións deportivas que están reguladas especificamente) que se reixerá pola presente ordenanza.



Artigo 2. Ámbito de aplicación

Están reguladas por esta ordenanza as taxas e as condicións de uso de todos aqueles espazos, locais e instalacións municipais que sexan susceptibles de seren cedidos para tales efectos, excepto as instalacións deportivas que están reguladas especificamente.

*TÍTULO II. Condicións de outorgamento das autorizacións**Artigo 3. Espazos e horarios**3.1.—Espazos que se ceden*

O Concello do Grove acordará a cesión ás persoas físicas ou xurídicas e ás entidades públicas ou privadas que o requiran e dentro das súas posibilidades dos seguintes tipos de locais:

a) Bens patrimoniais de titularidade municipal susceptibles de cesión de uso en todo ou en parte.

b) Bens demaniais de titularidade municipal susceptibles de cesión de uso en todo ou en parte.

3.2.—Horarios

O horario de apertura e peche dos espazos, locais e instalacións municipais será determinado polo Concello a través da autorización, en función da dispoñibilidade de cada espazo e aos horarios das persoas encargadas de abrir e pechar.

Artigo 4. Tipo de actos ou actividades permitidos

a) Actos ou actividades sen ánimo de lucro e que non supoñan custo para o público asistente (cobro de entradas, cobro por asistencia a cursos...).

b) Actos ou actividades con prezo público.

1.—Poderán ser obxecto de cesión as instalacións municipais con destino a actividades que comporten un prezo público sempre que se acredite que a dita actividade pode ser do interese da cidadanía pola súa natureza cultural, deportiva, formativa, participativa ou de ocio en xeral.

2.—As persoas interesadas na cesión de instalacións municipais para o desenvolvemento de actividades ou actos con prezo público deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:



- Unha memoria do acto ou actividade que se pretende levar a cabo.
- O público ao que vai destinada.
- Tempo de duración: días e horarios de realización.
- Detalle dos custos para o público, incluídas as bonificacións para as persoas ou colectivos que se estimen oportunas.
- Acreditación de estar de alta no réxime que corresponda da Seguridade Social das persoas encargadas de impartir a actividade.
- Declaración xurada pola que se comprometan a responsabilizarse de asumir os danos que, para as persoas ou instalacións, se poidan derivar do desenvolvemento da actividade e que sexan consecuencia directa desta.

3.—A solicitude deberá ser informada, una vez recibida, pola concellería correspondente, que deberá determinar tanto se se trata dunha actividade cuxas características se adecúen ás instalacións como se se considera unha actividade que redunda en beneficio da cidadanía.

4.—Se o informe é favorable e nos días e franxas horarias solicitadas non houber ningunha outra petición que cumpra os requisitos, a Xunta de Goberno Local ou o/a concelleiro/a en quen delegue poderá outorgar a correspondente autorización, debendo, en todo caso, autorizar no acordo o importe máximo que se pode cobrar ao público asistente, para o que se debe ter en conta os datos da memoria económica. Todo co obxecto de evitar que o acto ou actividade que se cualifica como de interese para a cidadanía e que implica una cesión de instalacións públicas poida comportar un lucro excesivo para quen organice.

5.—En todo caso, previamente ao inicio da actividade, deberán aboarse as correspondentes taxas, así como acreditar a contratación do seguro de responsabilidade civil, a contratación da limpeza ou calquera outra obriga reflectida no acordo.

Artigo 5. Solicitude

1.—As persoas físicas ou xurídicas e as entidades interesadas na utilización das instalacións ás que se refire esta ordenanza deberán solicitala sempre, mediante o modelo de instancia que figura no Anexo I desta ordenanza, dirixida á concellería correspondente e que será presentada no Rexistro xeral do Concello.

2.—As solicitudes deberán presentarse, polo menos, con 7 días de antelación a aquel no que se vaia desenvolver a actividade de que se trate para dar tempo á súa resolución e facilitar o bo aproveitamento de todos os espazos, locais e instalacións.

3.—As solicitudes deberán especificar de forma detallada e clara a data, uso previsto, persoa responsable, duración, horarios necesarios, recursos técnicos precisos, número potencial de asistentes e demais datos necesarios para o outorgamento da correspondente autorización.



Artigo 6. Prioridades para o acceso ao uso:

1.—Contan con inicial prioridade para o uso dos locais e espazos municipais os actos e actividades organizados polo propio Concello.

2.—Se dous ou máis interesados solicitan o mesmo local ou espazo e coinciden en data e horario, invitaráselles a acadar un acordo. No caso de non lograrse, resolverase de conformidade aos seguintes criterios: as autorizacións xestionaranse segundo a orde de entrada no Rexistro municipal e atenderanse con prioridade as peticións de asociacións municipais fronte a petición de calquera outras.

Artigo 7. Deberes dos usuarios

Constitúen deberes dos usuarios, que deberán respectarse en todos os casos:

- a) Respetar os horarios de utilización establecidos.
- b) Non causar molestias nin perturbar o normal funcionamento dos servizos municipais durante os horarios de utilización. De non cumprilo, o Concello poderá suspender a actividade en calquera momento sen que a dita suspensión dea lugar a indemnización ou compensación económica ningunha para os solicitantes.
- c) Coidar dos locais, do mobiliario existente e comportarse co debido civismo.
- d) Poñer en coñecemento do Concello calquera deficiencia ou deterioración.
- e) Responsabilizarse dos danos causados nos locais e nos aparellos neles existentes, para tal efecto o Concello esixirá a súa reparación.
- f) Velar pola limpeza e orde dos edificios, locais e instalacións municipais. Para tal efecto, despois de cada período ordinario de uso ou despois do uso puntual para o que se cedeu, procederán á limpeza e ordenación do mobiliario e elementos interiores, de forma que poidan ser inmediatamente utilizados por outros solicitantes.
- g) Apagar antes de saír todas as luces, incluídas as dos baños e demais aparellos que formen parte do equipamento dos espazos cedidos: proxector, micros, amplificador, ordenadores... e pechar todas as portas e fiestras.
- h) Custodiar as instalacións ata que chegue a Policía Local ou a persoa responsable de pechar as instalación.
- i) Non causar molestias á veciñanza nin perturbar a tranquilidade da zona durante os horarios de utilización.



Artigo 8. Prohibicións

Constitúen prohibicións no uso dos locais e espazos municipais:

- a) O uso deles para outra finalidade distinta á autorizada.
- b) O seu uso para actividades que vulneren a legalidade.
- c) O uso dos locais e espazos para aquelas actividades que fomenten a violencia, o racismo, a xenofobia e calquera outra forma de discriminación ou que atenten contra a dignidade humana.
- d) O seu uso para aquelas actividades que impliquen crueldade ou maltrato para os animais, poidan ocasionar sufrimentos ou facelos obxecto de tratamentos antinaturais.
- e) Fumar, inxerir bebidas alcohólicas ou sustancias estupefacientes.
- f) Manipular aparellos relacionados co equipamento das salas.
- g) Reproducir as claves de acceso aos locais.
- h) Ceder o uso do local a outro usuario sen o consentimento do Concello.

Queda prohibida a utilización dos espazos e locais municipais cedidos mediante calquera tipo de autorización para a realización de actividades económicas que non fosen expresamente autorizadas, especialmente aquelas consideradas molestas, insalubres, nocivas ou perigosas e aquelas que supoñan ingresos de economía somerxida.

Artigo 9. Responsabilidade civil

1.—Cada usuario será responsable directo dos danos e prexuízos ocasionados a terceiros nos espazos cedidos causados por asistentes á actividade, ben por acción ou por omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello. Esta previsión non se aplicará no caso de que as deterioracións sobreveñan ao local polo só efecto do uso e sen culpa da entidade beneficiaria ou por forza maior.

2.—O Concello poderá solicitar, previamente á concesión da autorización, a constitución de fianza en calquera das formas legalmente admitidas, que responderá do cumprimento das obrigas de bo uso e conservación das instalacións municipais, así como dos danos e prexuízos que os usuarios deban afrontar como consecuencia do previsto no punto primeiro.

3.—Así mesmo, o Concello poderá condicionar a correspondente autorización a que, con anterioridade ao inicio da actividade, se acredite a contratación dunha póliza de responsabilidade civil do valor que se indique, quedando o efectivo uso vinculado a iso.



4.— Unha vez o Concello comprobe a inexistencia de danos e perdas sobre persoas ou cousas como consecuencia da utilización autorizada, procederá á devolución da fianza, caso de terse esixido e constituído.

Art. 10. Gastos alleos ao uso público dos locais

Calquera gasto engadido á cesión do espazo, local ou instalación municipal e que se relacione co tipo de actividade correrá a cargo dos solicitantes, en concreto:

- Megafonía, publicidade, proxeccións, pagamentos a conferenciantes, adornos e outros semellantes
- Gastos pola limpeza non ordinaria dos espazos, locais ou instalacións
- Gastos de horas extras do persoal
- Calquera outro gasto engadido

Artigo 11. Facultades e obrigas do Concello

1.—O Concello poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección. Se do seu exercicio se derivase a comprobación de incumprimentos graves por parte das persoas ou entidades beneficiarias, o Concello poderá esixir o seu cumprimento ou extinguir a cesión ou autorización do uso, sen que a dita exención dea lugar a indemnización ou compensación económica ningunha para os solicitantes.

2.— O Concello ten a obriga de conservar os espazos públicos en condicións de hixiene e ornato, así como en condicións favorables para o seu uso; para o que realizará todas aquelas reparacións que sexan necesarias para tales efectos.

TÍTULO III. Taxas

Artigo 12. Feito imponible

O feito imponible das taxas está constituído pola utilización de espazos, salas, locais ou calquera outras instalacións de propiedade municipal, excepto as instalacións deportivas que teñen regulación propia, para as que se estableza unha tarifa de uso na presente ordenanza.

Artigo 13. Devindicación

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír coa efectiva utilización das instalacións municipais despois de ter solicitada a preceptiva autorización.

O pagamento efectuarano os interesados na Tesourería municipal ou na entidade financeira colaboradora, polo que se expedirá o correspondente xustificante de ingreso.



Artigo 14. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza fiscal as persoas físicas e xurídicas ou entidades públicas ou privadas a favor das que se outorguen as preceptivas autorizacións para a utilización das instalacións municipais cuxo uso se regula na presente ordenanza.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da taxa, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 15. Taxas

1. A cota da taxa regulada na presente ordenanza para actos ou actividades sen ánimo de lucro e que non supoñan custo para o público asistente será a fixada nas tarifas contidas nos apartados seguintes.

1.1 Taxa pola utilización de salóns de actos:

A) Utilización das instalacións por entidades privadas con fin de lucro nas dúas primeiras horas de utilización: 40 euros por hora ou fracción.

B) Utilización das instalacións por entidades privadas con fin de lucro a partir da terceira hora de utilización: 20 euros por hora ou fracción.

1.2 Taxa pola utilización de salas de exposición:

A) Utilización das instalacións por entidades privadas con fin de lucro nos dous primeiros días de utilización: 50 euros por día ou fracción.

B) Utilización das instalacións por entidades privadas con fin de lucro a partir do terceiro día de utilización: 25 euros por día ou fracción.

1.3 Taxa pola utilización doutras instalacións municipais:

Utilización de salas municipais para a realización de cursos, presentacións, xornadas e similares:

A) Sala tipo 1 (sen equipamento): 10,00 euros por hora, establecéndose unha tarifa mínima de 40 euros (4 horas de utilización).

B) Sala tipo 2 (con equipamento): 12,50 euros por hora, establecéndose unha tarifa mínima de 50 euros (4 horas de utilización).

2. Para os actos ou actividades con prezo público e/ou ánimo de lucro, a taxa verase incrementada nun 50%.



3. Para o uso das instalacións esixirase unha fianza previa de 50 euros, que serán devoltos unha vez comprobado, tras o uso, que as instalacións, o mobiliario e os materiais obxecto do préstamo están en perfecto estado.

4. A utilización das instalacións por entidades culturais, recreativas, sociais ou benéficas sen fin de lucro non terá custo ningún.

4. A contía das taxas actualizaranse conforme ao IPC anual.

Artigo 16. Normas de xestión

1.—Para utilizar as instalacións será condición indispensable que os usuarios observen rigorosamente a normativa de réxime interno exposta nas instalacións e deberán observar en todo momento as instrucións que para o bo uso das instalacións sinale o seu persoal responsable.

2.—As cotas tributarias esixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

3.—Nas solicitudes de utilización emitírase a liquidación provisional, xirándose posteriormente, logo do informe do persoal encargado do servizo, sobre a dita utilización, a liquidación definitiva.

Non se consentirá ningunha utilización das instalacións ata que non se faga efectiva a liquidación provisional e as persoas ou entidades interesadas non obteñan a autorización correspondente.

4.—As solicitudes de uso das instalacións deberán ir acompañadas do xustificante de pagamento da fianza e da liquidación correspondente, atendendo ao número de horas ou días solicitados, así como da declaración de responsabilidade debidamente cuberta e asinada.

Non se poderá presentar ningunha solicitude sen a acreditación do pagamento previo.

No caso de que tras unha solicitude inicial se requiran máis horas ou días de utilización, solicitaranse por escrito, emitíndose a liquidación complementaria, que deberá facerse efectiva antes do uso. Neste último caso, a autorización de ampliación poderase efectuar con posterioridade.

5.—Despois de solicitar a autorización, quen estea obrigado ao pagamento, en caso de non facer uso dela, estará obrigado a pagar, polo menos, unha hora ou día segundo as tarifas indicadas no artigo quinto.



6.—Se por causas non imputables ao interesado non se puidesen utilizar as instalacións, procederá a devolución do importe abonado. Esta circunstancia non dará lugar a indemnización ou compensación económica ningunha para os solicitantes.

7.—As autorizacións de uso terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da autorización, sen prexuízo das contías que lles correspondan aboar ás persoas ou entidades interesadas.

TÍTULO IV. Responsabilidades, infraccións e sancións

Artigo 17. Responsabilidades

Os usuarios dos espazos, locais e instalacións municipais obxecto de utilización responderán dos danos e perdas que polo seu dolo ou negligencia se ocasionen nestes. Se foren varios os ocupantes, todos eles responderán conxunta e solidariamente do pagamento dos prezos públicos, da indemnización dos danos e perdas que ocasionen nos locais, instalacións e bens que neles puidesen encontrarse e das sancións que, de ser o caso, se puidesen impoñer.

Artigo 18. Infraccións

Son infraccións as accións ou omisión seguintes:

1.—Infraccións leves:

a) Non manter ou non deixar limpo o local ou espazo ocupado con autorización na forma establecida na presente ordenanza.

b) Non apagar todas as luces e demais aparellos que formen parte do equipamento dos espazos cedidos antes de saír.

c) O incumprimento das disposicións que regulan a utilización dos espazos, locais ou instalacións cedidos en uso cando non poidan considerarse graves ou moi graves.

2.—Infraccións graves:

a) Excederse no horario autorizado.

b) O uso das instalacións para outra finalidade distinta á autorizada.

c) Perturbar o normal funcionamento dos servizos municipais durante os horarios de utilización.



d) Causarlle molestias á veciñanza ou perturbar a tranquilidade da zona durante os horarios de utilización.

e) Fumar, inxerir bebidas alcohólicas ou substancias estupefacientes nos espazos cedidos.

f) Incurrir en tres infraccións leves.

3.—Infraccións moi graves:

a) Ocupar os espazos e locais municipais sen autorización do Concello.

b) Causar danos nos locais, nas instalacións, nos equipos e demais bens mobles que se atopen nos locais utilizados.

c) Manipular aparellos relacionados co equipamento das salas.

d) Reproducir as chaves de acceso aos locais.

e) A transmisión ou cesión dos espazos cedidos en uso a outro usuario sen o consentimento do Concello.

f) O seu uso para actividades que vulneren a legalidade.

g) O uso dos locais e espazos para aquelas actividades que fomenten a violencia, o racismo, a xenofobia e calquera outra forma de discriminación ou que atenten contra a dignidade humana.

h) O seu uso para aquelas actividades que impliquen crueldade ou maltrato para os animais, poidan ocasionar sufrimentos ou facelos obxecto de tratamentos antinaturais.

i) Non custodiar as instalacións ata que chegue a Policía Local ou a persoa responsable de pechar as instalacións.

j) Incurrir en tres infraccións graves.

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos, e as leves, aos seis meses. Para o cómputo destes prazos estarase ao establecido no artigo 132 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 19. Sancións

As infraccións serán sancionadas da seguinte forma:



a) As leves, coa revogación da cesión do uso e a inhabilitación para acceder ao uso dos espazos, locais e instalación municipais obxecto desta ordenanza polo prazo dun mes e/ou unha multa de 60 a 600 euros.

b) As graves, coa revogación da cesión do uso e a inhabilitación para acceder ao uso dos espazos, locais e instalación municipais obxecto desta ordenanza polo prazo dun ano e/ou multa de 601 a 1.500 euros.

c) As moi graves, coa revogación da cesión do uso e a inhabilitación para acceder ao uso dos espazos, locais e instalación municipais obxecto desta ordenanza desde un prazo de tres anos ata unha incapacitación absoluta, e/ou multa de 1.501 a 3.000 euros.

A instrución do procedemento sancionador efectuarase de conformidade coa regulación prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 20. Garantías de uso

1. A imposición de sancións é compatible coa obriga de restituír as cousas ao seu estado orixinal.

2. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioración das instalacións, a persoa ou entidade beneficiaria, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigada ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación.

3. Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado cunha contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos elementos danados.

4. As indemnizacións e reintegros aos que se refire o presente artigo non poderán ser condonados total nin parcialmente.

5. A Administración poderá en calquera momento, se o considerar oportuno por razóns de interese público local, esixir o depósito previo das cantidades para lle facer fronte á posible deterioración ou destrución do dominio público municipal.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor, tras a aprobación definitiva, o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Grove, 23 de febreiro de 2016.—O alcalde, José Antonio Cacabelos Rico.

